



## Bases V Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén”

### 1. OBXECTIVO

1. O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” nace coa vocación de promover actuacións de compañías de teatro afeccionado galegas e organizar actividades relacionadas co teatro que melloren a vida cultural da Vila de Cedeira.

### 2. PARTICIPACIÓN

2.1 Este certame só está aberto a grupos de teatro afeccionado

2.2 Só se admitirá unha obra por grupo que queira participar.

2.3 As obras deberán ser representadas en galego e terán unha duración mínima de 50 minutos.

### 3. INSCRICIÓN

3.1 Para poder participar os grupos deberán cubrir unha solicitude xeral, ben presencialmente no rexistro xeral ou na sede electrónica do concello, incluíndo os seguintes datos:

- Nome do grupo
- Datos de facturación
- Nome da obra de teatro a representar e sinopse.
- Persoas que participan na obra (elenco e persoal técnico)
- Enlace a vídeo onde poder ver toda a obra, ou unha parte suficientemente representativa.
- Tres fotografías da obra en boa calidade. As fotografías presentadas poderán ser usados polo concello para publicidade do Certame de Teatro.
- Preferencia de datas

3.2 O prazo de inscrición será do día 9 ao día 30 de outubro de 2026

### 4. CALENDARIO

4.1 O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” terá lugar os días 27 de novembro, 4 e 11 de decembro no Auditorio Municipal de Cedeira.

4.2 O horario das representacións será ás 20:30 horas.

### 5. SELECCIÓN

5.1 Unha comisión seleccionadora composta por tres persoas da concellería de cultura e das artes escénicas será a encargada da elección dos tres grupos e dous reservas entre aqueles que formalizasen a súa inscrición en prazo, non podendo realizarse reclamacións a dita selección.

5.2 Unha vez seleccionados os grupos comunicáraselle a súa elección e acordaranse as datas de representación. Se algún grupo non puidera actuar nas datas previstas polo certame, descartarase a súa participación pasando o seguinte da lista a ocupar o seu posto.

### 6. REPRESENTACIÓN

6.1 Os grupos seleccionados terán a súa disposición o espazo para a montaxe do espectáculo desde as 10.00 h até as 14.00 h e desde as 16.00 h até media hora antes da representación.

6.2 Os grupos contarán co material técnico do auditorio (iluminación e son) e co persoal propio do mesmo. Aos grupos seleccionados achegaráselles un documento co rider técnico do espazo.

6.3 A organización non facilitará elementos escenográficos de ningún tipo. Os labores de carga/descarga e montaxe/desmonte de decorados e escenografía serán realizados integramente por persoal do grupo seleccionado.

### 7. DIETAS

7.1 A organización aboará a cantidade de 750 € a cada grupo seleccionado en concepto de gastos pola actuación.



7.2. Para poder facer efectivo o ingreso dos gastos, os grupos seleccionados emitirán unha factura por un valor total de 750 € dirixida ao concello de Cedeira a través da plataforma FACE, no caso de ser persoas xurídicas e a través da sede electrónica do concello para o caso das persoas físicas, especificando no concepto a súa participación no certame, antes da finalización do ano.

## 8. CONFORMIDADE

8.1 A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

8.2 Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será responsabilidade do Concello de Cedeira, sendo as súas decisións inapelables.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.